

Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.

A agricultura e as súas transformacións. A importancia da pesca na Galicia litoral. A estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía.

A Galicia dos séculos XVI e XVII responde aos parámetros característicos do Antigo Réxime (economía de base agraria, modelo demográfico antigo, sociedade estamental). Presenta, porén, algunhas peculiaridades no contexto hispano: dinamismo agrario e demográfico, protagonismo do clero e a fidalguía.

A agricultura e as súas transformacións.

Como corresponde á época, a agricultura era a actividade económica fundamental: xeraba a meirande parte da riqueza, máis do 90% da poboación asentábase no medio rural. Dous trazos fundamentais definían o sector:

- O **predominio da pequena explotación campesiña** non significaba que os labregos fosen os donos das terras que traballaban senón que o facían baixo diversas formas de cesión por parte dos titulares (nobres, fidalgos, eclesiásticos), sendo o **foro** a modalidade máis extendida.
- Un **policultivo** baseado na complementareidade entre agricultura e gandería e no aproveitamento do monte comunal (leña, estrume, pastos, terras de cultivo).

Superados os problemas baixomedievais, a agricultura galega viviu unha longa fase expansiva no século XVI que se baseou, sobre todo, na ampliación da superficie cultivada. Este **crecemento extensivo** posibilitou a expansión demográfica. A partir de 1570, a reiteración das malas colleitas, fames e epidemias, caso da *peste atlántica* de 1598-1599, anunciaban unha negativa conxuntura. Contra 1630-1640, a situación muda coa incorporación dun novo cultivo de orixe americana, o **millo**. A súa doada integración nas rotacións tradicionais, maiores rendementos, fácil panificación e posibilidades forraxeiras favoreceron a súa explicaron o seu éxito. Dende as Rías Baixas conquistou todo o litoral e avanzou polos vales fluviais cara o interior. Agás nas terras montañosas do interior pouco aptas para o seu cultivo, pasou a sumar a maior parte da produción de cereais. O aumento da produción e da produtividade impulsou un forte crecemento da poboación que se prolongou ata mediados do século XVIII. Daquela, Galicia, con case 1.300.000 habitantes era o reino peninsular máis densamente poboado da monarquía.

A importancia da pesca na Galicia litoral.

Entre os séculos XVI e XVIII, Galicia seguiu a ser a **primeira rexión pesqueira española**. Nas localidades costeiras, o mar daba traballo a boa parte dos seus veciños e constituía a principal fonte de riqueza. Predominaba a **pesca de baixura** (sardiña, pescada, congrio). A sardiña, unha vez salgada, era obxecto de exportación cara outras áreas peninsulares. Durante o século XVI, Pontevedra foi o principal centro deste negocio. A regulación da actividade pesqueira e da súa comercialización estivo en mans das **confrarías de mareantes**. Para incrementar as capturas e reducir os custos introducíronse novas artes: o *xeito* impúxose ao *cerco real*.

A **actividade marisqueira**, singularmente a produción ostreíra, acadou certa relevancia nas rías. Nalgúns portos da Costa da Morte e da Mariña desenvolveuse no século XVI unha rendible actividade baleeira para aproveitar a graxa dos cetáceos. A **pesca de altura** (Canarias, Gran Sol, Atlántico Norte, Terranova) tivo menor importancia cuantitativa pero introduciu algunhas novidades cualitativamente importantes na actividade pesqueira (grandes buques, tripulacións numerosas). Na década de 1750, a imposición da Matrícula do Mar e a chegada dos fomentadores cataláns significaron unha importante ruptura para o sector ao final do Antigo Réxime.

Unha sociedade rendista. O papel da fidalguía.

A estruturación da sociedade do Antigo Réxime está ligada a dous factores fundamentais: as distincións xurídicas, que separan as minorías privilexiadas (nobreza, clero) da maioría da poboación; e as desigualdades económicas, singularmente a posesión da terra, que opoñen á minoría rendista e á maioría campesiña.

Entre os privilexiados, o **clero** tivo en Galicia unha posición destacada. Detentaba ao dominio directo da meirande parte das terras e percibía dous terzos das rendas agrarias.

A **alta nobreza titulada** saíra debilitada da rebelión irmandiña e das guerras dinásticas castelás. Algúns dos seus membros integráronse na corte chegando a desempeñar postos relevantes. Mentres, a **fidalgúa** foise consolidando durante os séculos XVI e XVII e, aproveitando a ausencia da aristocracia, converteuse en grupo reitor da sociedade galega. Tratábase dun colectivo numeroso (uns 11.000 a mediados do século XVIII), visible en centos de pazos e casas fortes. Aínda que algúns deles pertencían a vellas liñaxes medievais, boa parte das casas fidalgas eran de recente fundación. A compra de terras e rendas e a concesión de foros eclesiásticos permitiulles participar no reparto do excedente agrario e situarse como grupo intermediario entre as poderosas institucións eclesiásticas e o **campesiñado**, que constituía o 80% da poboación.